

HORA DE LER: TEMPO DE SAMAÍN

**Recursos para a Hora de Ler relacionados co Samaín. Algúns dos relatos e poemas clásicos recomendados, podes atopalos completos ao final desta lista.*

EN GALEGO:

Narrativa:

1.- ÁNHEL FOLE: OS LOBOS (RECOMENDADO: TODOS OS CURSOS DA ESO):

Páxina web con información:

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/lit/fole/oslobos.htm

Vídeo adaptación do conto feito pola Xunta (1997):

https://youtu.be/drlxzqSXefl?si=0HUAR2_FS46BmR4c

2.- ÁNHEL FOLE: VIÑAN DO ALÉN! (RECOMENDADO: TODOS OS CURSOS DA ESO):

3.- RAFAEL DIESTE: SOBRE DA MORTE DE BIEITO (RECOMENDADO 3º E 4ºESO):

Vídeo adaptación do conto de Xudit Casas (2009):

https://youtu.be/anl5BH_rPEo?si=Nl-NvMze8U9mZJad

4.- A GALICIA ENCANTADA: PÁXINA CON LENDAS, CONTOS,... DE TRADICIÓN ORAL (RECOMENDADO: 1º E 2ºESO):

Contos: <https://galiciaencantada.com/categoria.asp?cat=11>

Lendas: <https://www.google.com/amp/s/blog.galiciamaxica.eu/leyendas-de-galicia/%3famp>

5.- CATÁLOGO DE SERES MITOLÓXICOS GALEGOS: IES TERRA DE TURONIO, GONDOMAR (RECOMENDADO: 1ºESO):

Catálogo e descrición de seres mitolóxicos galegos:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesterradeturonio/system/files/sama%C3%ADn.pdf>

6.- BIBLIOTECA LOVECRAFT (RECOMENDADO: 4ºESO):

Bibliografía completa de Lovecraft:

https://www.lingua.gal/recursos/destacamos?content=/Portal-Lingua/Contido/recursos/promo/velo/contido_491.html

Poesía:

7.- ROSALÍA DE CASTRO: CANTARES GALLEGOS/ CANDO A LUNIÑA APARECE // FOLLAS NOVAS/ NEGRA SOMBRA (RECOMENDADO: TODOS OS CURSOS DA ESO):

Iria Mariño Solla recita "Cando a luniña aparece", de Rosalía de Castro:

<https://www.youtube.com/watch?v=Zbs2DzaVKsA>

Canción Luz Casal e Carlos Núñez:

https://youtu.be/VsD9iM2gWhc?si=kdVbsSU-J_m_nx6O

Podcast:

8.- 13 AVISOS: UN PODCAST QUE METE MEDO, BERROBAMBAN (RECOMENDADO: 4ºESO):

<https://podcasters.spotify.com/pod/show/13avisos-gal/episodes/CAP-1---GOLPES-NA-PARE-DE-e2cmbm9>

9.- BLOG EDLG DO IES RAMÓN CABANILLAS, CAMBADOS (RECOMENDADO: TODOS OS CURSOS DA ESO):

Podcast de Samaín do alumnado do IES Cabanillas:

<https://poetadaraza.blogspot.com/2022/10/dia-de-samain-materiais-para-as-aulas.html>

10.- RADIO ANTELA (IES LAGOA DE ANTELA, XINZO DE LIMIA, OURENSE (RECOMENDADO: TODOS OS CURSOS DA ESO):

O alumnado do IES Lagoa de Antela recolleu contos e historias do Día de Defuntos para a radio: <https://radioantela.blogspot.com/2023/11/contos-de-defuntos.html>

Escritura creativa:

11.- RELATOS CON SERES MITOLÓXICOS (RECOMENDADO 1º E 2ºESO):

Actividade que consiste en escribir relatos de medo coas personaxes da nosa mitoloxía:

https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas/listado/ /contido_2201/escritura-creativa-samain

Xogos:

12.- XOGOS INTERACTIVOS DE SAMAIÑ (RECOMENDADO 1º E 2ºESO):

Blog Bibliobrión (IES de Brión):

<https://bibliobrión.blogspot.com/2022/10/xogo-do-samain.html>

Curtas:

13.- OS DIFUNTOS FALABAN CASTELAO (RECOMENDADO 1º E 2ºESO):

Animación: <https://youtu.be/AGIMx4z5-tQ?si=3ZfqbuYw1xkDEYP>

14.- A MEIGA CHUCHONA (RECOMENDADO 1º E 2ºESO):

<https://youtu.be/90cEsCZWkCo?si=Pos5mEA0QagoX8hr>

EN CASTELÁN:

Narrativa:

15.- EDGAR ALLAN POE: *EL CORAZÓN DELATOR* (RECOMENDADO 3º E 4ºESO):

El Corazón Delator - Edgar Allan Poe (18 min):

<https://www.youtube.com/watch?v=rX8yfpp2pOg>

El corazón delator. Un cuento de Edgar Allan Poe. Audiolibro completo. Voz humana real (17 min):

<https://www.youtube.com/watch?v=Y2m7MSHbOSM>

16.- GUY DE MAUPASSANT: *EL MIEDO* (RECOMENDADO 1º E 2ºESO):

#GuyDeMaupassant - El #Miedo [#Audiolibro #TerrorY Nada Mas #Audiolibros] (27 min):

<https://www.youtube.com/watch?v=e3drrl63F6Y&t=1229s>

17.- GUSTAVO ADOLFO BÉCQUER: *EL MONTE DE LAS ÁNIMAS* (RECOMENDADO 3º E 4ºESO):

Audiolibro: <https://youtu.be/y2byOtHKQ1E?si=WIItOxIIXSVf8BIh>

TEXTOS COMPLETOS:

EN GALEGO:

1.- ÁNXL FOLE: *OS LOBOS* (RECOMENDADO: TODOS OS CURSOS DA ESO):

Páxina Web con información:

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/lit/fole/oslobos.htm

Vídeo adaptación do conto feito pola Xunta (1997):

https://youtu.be/drlxzqSXefl?si=0HUAR2_FS46BmR4c

Moitas veces ouvín dicir que os lobos non atacan ás persoas. E isto non é certo. O segredario de Caldas foi comido por iles cando voltaba da feira de Viana. Algús dixeron que o mataran por arroubalo, e que despois o comeran os lobos; mais a douscentos metros de ondia o comeran foi atopado un lobo morto coa gorxa afuraidada por unha bala.

Aquiles días viran os pastores unha manada de dez cunha loba con tres lobecos. Era tempo de neve, e baixaran da serra da Moá. Ó parecer, despois de esgotados os cartuchos, quixo subirse a un albre, mais non puido. Alí estaba ó seu carón, o revólver con seis cartuchos baleiros no lombo. Era un bon revólver americano. Ó sentirse feridos algús lobos, todos se botaron enriba dil. Si tivera un

bon foco elétrico cecais se salvara. Ós lobos se non se lles fire de morte é pior. Eu matei un con dous tiros de postas. Foi morrer tres cantos máis aló de ondia o asegundara. Atináralle na testa e no fuciño, e iba deixando un regueiro de sangue. Arrincaba cos dentes os cañotos das xestas. Cecais non se me arrepuxo porque era de día.

De noite médralles o corazón e son moi valentes. Non vos riades. Tamén lles pasa iso ós lubricás. O señor cura de Peites tiña un. De noite íbase ó monte e chamaba ós lobos. Viñan con il. Din que abría os tarabelos das cuabras coma unha persoa. Unha noite velouno o señor cura. Era un gran cazador. Tiña un rifle de dez tiros que lle trouguera un sobriño de California. Meteulle dous tiros seguidos no entrecello ó galgar un pasadelo. O crego estaba na xanela da reitoral cun foco, i o lubricán voltaba do monte, polas tres da mañá, acompañado dos lobos. Abrírono i esfolárono axiña, e viron que tiña o corazón finchado...

¿Sabedes cando se estreven os lobos cos homes? Cando teñen moita fame, ou cando se decatan de que lles teñen medo. Por iso cáseque nunca atacan a tres ou máis xuntos. Cando se atopan un home soio pola serra, póñense a traballalo. Teñen moito distinto... Xa veredes coma o traballan. De primeiro, acompáñano; despois, póñenselle diante; máis tarde, chéganlle a zorrega-las pernas cos rabos... Así, pouquiño a pouquiño. Vén un intre en que o home xa non pode máis. O medo alporízalle os cabelos. Parécelle que lle cravaran allambres na testa. Váiselle a voz, perde o sentido. Xa está perdido. Bótanse os lobos enriba dil i esnaquízano. Cada vinte anos ou menos, dáse por istas terras un caso dises. Desaparece un home. Crese que o mataron ou que fuxiu prás Américas. Ó cabo de dous ou tres anos ninguén fala dil. Un cazador atopa nunha xesteira unha calivera. ¿De que sería? Así lle aconteceu ó Pastrán de Vesuña fai moitos anos. Mais si o home non perde o coraxe non se atreven coíl.

Todos coñecedes coma min ó Emilio, o castrador de Rugando. Atendede ben e xa sabereis que é certo todo canto levo dito encol dos lobos. E vostedes tamén, señoritos...

Non habería rapaz coma il se non fora tan xogantín. Xogaba hastra a camisa. Unha vez, na cantina da Cruz, xogou a besta con tódolos arreos, e perdeuna. Tivo que andar a pé castrando ranchos dende Leixazós a Pacios, ou de Bustelo a Vilañán. Era home moi botado para diante, i o primeiro nas liortas.

Se non me trabuco, fora pola Santa Lucía cando lle aconteceu o que vos vou contar. Por ise tempo todos sabedes que non traballan os capadores. O bon do home adicábase á farra. Faguía pouco que se casara cunha moza de casa forte. Xa estaba en tratos cun xateiro da Hermida pra mercar un cabalo.

Queríano moito en tódolos sitios onde capaba ranchos, e convidábano sempre á mata. Aquil día xantara en Arnado. Xa se sabe coma son ises xantares da mata. Empezan ás doce, poño por caso, e rematan ás cinco. O fígado asado con aceite e pimento, os roxós i o raxo. Viño, nunca falta. Tempo de fartura. Xantara aquil día en cas do Rulo. Enchéranse de néboa os cavorcos. Non se vía un burro a tres pasos, dispensando...

O Rulo díxolle que pasara a noite na súa casa.

-Andan os lobos –adevertiulle- moi bastos. Con ista néboa tan mesta pódeste esfragar. Non che pase coma o Bieito da Corga cando iba pra Ferramolín, que se derrubou polo canto do Mazo e foi dar ó río. Alí quedou difunto cos cuadrís partidos por testalán, pois teimou coma ti por saír de Vilarbacú unha noite coma a de hoxe. Mais o capador faguía pouco que se casara, coma vos dixer, e non houbo xeito de faguelo quedar. Nin tan siquera quixo levar algús fachucos de palla pra o camiño. E alá se foi o Rugando tan soio cunha cachaba de freixo i a súa navalla no peto pra se defendere. Gracias a Dios que coñecía ben o camiño. Xa levo dito que era home valente. Il mesmo mo contou en Santa Cubicia de Quiroga, na tasca do Avelino. Polas primeiras horas todo foi ben. Non viu amosas de lobos por ningures. Parouse a acender un pitelo inantes de chegar á lindeira da devesa de Bonxa. Mais de alí a un pouquiño ouviu patuxar nun trollo. Xa sabedes que é un terreo fondal ondia se encora a iauga. Unha miaxiña dispois ouviu un longo aulido. I outro lle respondeu da outra banda da valgada. Tamén sentiu unhas carreiriñas polos dous lados do camiño. Os lobos seguían chamándose os uns ós outros. Por sorte pra il, había moitos seixos no camiño. Encheu tódolos petos de croios. Non me dixo que empezara a ter medo, mais eu coido que si...

Dous lobos grandismos fórono acompañando. Iban sempre de par dil, ás dúas maos. Cáseque parecían dous cas que foran con seu amo. Se il se paraba, tamén iles se paraban. Algunhas veces púñanselle diante. Entón, o capador guindáballes un coio. E batíalles. Os lobos despartábanse. No máis fondal dunha congostra tivo que pasar un pontigo. Había esgotado as pedras que trouguera nos petos. Xa lle quedaban poucos fósforos. Do outro lado do pontigo viu unhas luces coma de vagalumes. Acendeu un fósforo. Non había pedras no camiño. Tivo que coller bulleiro coas maos e tirarllo ós lobos, ó mesmo tempo que berraba moi forte. Ergueuse un e deixouno pasar. Cecais foran seis. A todos lles relocían os ollos. Un diles botoulle os dentes á cachaba i arrincoulla da mao. Íbanse metendo nil cada vez máis. Hastra lle fustrigaban as pernas cos rabos. Acendeu, un tras outro, os tres fósforos que lle quedaban. Gracias a isto puido coller un coio. Atinoulle a un lobo no peito. Regañaban todos os dentes coma cando se van a botar sobor das ovellas. Xa sentía que se lle esmorecían os pulsos, que se iba quedando sen forcia. Os lobos seguían a chamarse os uns ós outros. Tremaba coma un vimbio. Xa non os podía escorrentar nin siquera berrar. Íballe a estoupar o corazón. Unhas cantas lancañadas máis e xa estaría na casa. ¿Podería dalas? De sutaque, viu tremelar unhas luces na tébrega; ladraban os cas ó lonxe. Meteu os dedos na boca i asubiu. Chamábano de lonxe. Estourou un tiro de escopeta.

-Anda Rabelo, anda Sultán ouviu que decían.

Diante il había tres fachucos de palla ardendo. Seus tres cuñados dábanlle fortes apertas.

-Andabámoste buscando –dixo un. Chegaron o Sultán i o Rabelo brincando ó seu redor e dando ouveos de ledicia.

Entraron na casa. As mulleres estaban na cociña. Na gran lareira había un bon lume.

-Traguédeme auga –dixo o capador.

E caíu estalicado no chan.

Todos se alporizaron. Houbo moitos berros e prantos. Máis de dúas horas estivo sen sentido. Levárono ó leito. A forcia de fretas volveulle o acordo.

-Se non salírades a buscarme tan soio se me atoparían os ósos. Xa non podía resistir máis –dixo o bon do home.

Pra que vexades como traballan os lobos á xente.

2.- ÁNXL FOLE: VIÑAN DO ALÉN! (RECOMENDADO: TODOS OS CURSOS DA ESO):

Fora na feira de Rubián. Entón adicábame a mercar e vender gado. Ganaba hastra vinte pesos por semá tratando nos bois... Era polo mes de xaneiro. Xa asaran os Reises.

Eu i outros tratantes xantáramos en cas do Tumberán. Bon xantar, e que Dios nono-lo dea pior. Chourizos con cachelos e viño de Lor. Eramos catro: o Chinchas, Pelandrusco, o Fogueteiro i eu. Come que come, bebe que bebe, xoga que xoga. O Pelandrusco chegounos a melar un tras outro. Esquencinme de decirlles que xogábamos nun cuarto do piso. Xa vendéramos todo o gado que trouguéramos. Pechámo-la porta tras nós; e xa comprenderán por qué. Ondia hai cartos hai que ter moito procuro. Non coiden que é unha broma. Bueno ... Veña un trago ... Alí había un home ... Non sei que cousa de raro lle atopaba ó seu vestido. Dende logo, non era xa do noso tempo. Levaba unha chaqueta de pana moura ribeteada de alpaca ... Aínda traguía unha asín a muller de don Ánguele, o boticario de Bóveda. I unha camisa almidonada ... Déixenme acordare. Un chaleque color tabaco. E antiparras. Era un home que tería sesenta anos pouco máis ou menos. E parecía home de carreira. Coma todos nós, estaba coas cartas na man. Non daba fala. Dábame medo ... E moito máis me deu.

Iba un tute, mais outramente non sei quen ganaba. O Chinchas remataba de cantare as coarenta, berrando moi forte; o Fogueteiro petaba co puño na mesa; eu... eu erguía a testa pra fitar aquil home ... Xa non estaba alí! Ollei pra un lado e pra outro. Nada. Nin que o levara o demo. Abofé que non me sentía ben. Non poiden menos de pedirlles ós meus compañeiros que deixasen de xogare:

-Non víchedes un home xa vello, de chaqueta moura, un case nada rabena, que estaba xogando cara min, co correlo prá porta? Con quen de vós veu? Fai un intre que desapareceu, i eu non sentín abri-la porta. Quen o viu marchar? Naide o vira, ou naide reparara nil. Puxéronse todos a conta-los cartos.

Despois de moitas contas parecía que non faltaban nin dous reás.

Erguinme. A xanela i a porta estaban pechadas. Non entendía aquilo. Mais cando din a volta pra me volver a sentare, ollei pra un gran retrato de marco doirado que estaba na parede, á esquerda da xanela. Era igoaliño! Ó fixarme nil sentín unha friaxe no carreguizo, coma cando soupera, faguía moitos anos, que me tocaba fague-lo servico na terra de mouros. Todos calaban. Ouvín a voz do Pelandrusco:

-Esquence iso. Debéronte ameigar cando saliches da casa. Así Dios me salve. Mais eu non estaba pra risas. Aquil home era o do cuadro! Boteime fóra, e fun busca-lo Tumberón á taberna, que estaba no baixo. Moitos feirantes había nila.

O taberneiro i as súas fillas despachaban cafeses, copas, vasos, pantrigo, queixo ... Eu debía estar moi pálido, porque o Tumbarón preguntoume:

-E que che pasa? Vaiche mal? Queres unha copiña de augardente de herbas? Éche moi boa pra os males súpetos.

Mais non lles dixen aínda coma era o Tumbarón. Era un home moi corpulento, forte coma un penedo. Cando algún borracho barullaba moito e teimaba por non saír da taberna, il non andaba con requisitorias nin prosmadas. Collía un mazo de madeira de alcacia, que tiña pra billa-los pipotes, i asentáballe dous golpes ben dados no curuto da testa. Cos seus setenta anos aínda cargaba con dúas fanegas de pan ó carrelo. Mais isto non facía ó caso. Fumos os dous a unha mesa arredada que estaba valeira. Mandou tragner uns cafeses i unhas copas. Conteille o que me pasara. O Tumbarón escoitaba sen perder fala. De pouco en pouco acendía un cigarro.

-Non ,creias -lle decía eu- que tolecín. Vino todo polos meus propios ollos, coma te estou vendo agora a ti. O home do cuadro i o home que xogaba connosco, eran a mesma persoa. Tampouco se pode decir que fora o viño, pois empezaba a beber. Todo era igoaliño; as fazulas afundidas, os ollos cansos. E non era unha pantasma, porque lle sentía o folgo. Ninguén o viu saír, nin eu tampouco. Millor dito, eu fun o único que o vin alí ... Qué che parece?

O Tumbarón aínda tardou en responder. Non sei que cousa rara lle notei na ollada. O home do cuadro -dixo- morreu fai máis de vinte anos.

Esterrecinme ... Il seguía falando:

-Era Don Venancio, o que foi médico diste pueblo. Eu quería moito. Salvárame da morte no tempo da gripe. Se non fose por il, xa estaría no ichó, debaixo das pedras. Mais il non pudo salvar a súa muller, nin as súas tres fillas. En menos dun mes levounas a morte a todas tres. Don Venancio cambeou de todo; xa non era o mesmo home. Meteuse na bebida e xogaba todo o que tiña. Levábame o demo ó velo tumbado polos camiños. Morreu na probeza. Os seus herdeiros, que viñeran a se faguer cargo do pouco que deixara, tiveron que vende-los muebles pra pagar as deudas. Todo o que lle quedou non valería nin dous mil réas. E iso que fora o millor médico que houbo eiquí. No mesmo cuarto ondia están os xateiros agora, xogaba todo o que ganaba. Eu mercara algún mueble e tamén o retrato. Tíveno sempre no cuarto de matrimonio. Mais houbo que saca-lo de alí e poñelo ondia ti o viches.

O Tumbarón arrechegouse a min. Botándome o bafo na orella, díxome con voz baixiña:

-A miña muller tamén o viu ... Sabes? Viña do outro mundo!

Saín en procura dos meus compañeiros. Berreilles dende o pasadelo, pois non quería entrar no cuarto. Aínda estaban xogando e baduando. Recordeilles que tíñamos que faguer máis de catro leguas de camiño. A forza de berrarles conseguín arrinca-los de alí. Fumos á cuadra, a arrea-las bestas ...

Era unha noite estrelecida. Xeaba. Pronto saíu a lúa. Cáseque se vía como de día. As bestas parece que tiñan aínda máis presa que nós de chegar á casa. Eu camiñaba un pouquichiño atrás.

Un estrano desacougo faguíame ir calado ... Sentín que unha ollada se me chantaba na caluga. Non sei si dixen ben. Xa non puiden arresistir máis. Virei a testa. Nunha revolta do camiño había un home vestido de negro. Acenábame coa mao dereita. Tiña algo nila. Non era un pano; máis ben unha carteira ...

Endexamais volví a colle-las cartas.

3.- RAFAEL DIESTE: SOBRE DA MORTE DE BIEITO (RECOMENDADO: 3º E 4ºESO):

Vídeo adaptación do conto de Xudit Casas (2009):

https://youtu.be/ani5BH_rPEo?si=Nl-NvMze8U9mZJad

Foi preto do camposanto cando eu sentín buligar dentro da caixa ao pobre Bieito. (Dos catro levadores do cadaleito eu era un). ¿Sentino ou foi aprensión miña? Entón non podería aseguralo. ¡Foi un rebulir tan maino!... Como a teimosa puvulla que rila, rila na noite, rila de entón no meu maxín afervoadado aquel mainiño rebulir.

Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto -comprendede, escoitade- polo tanto non podía, non debía dicir nada.

Imaxinade nun intre que eu dixese: O Bieito vai vivo.

Todas as testas dos velliños que portaban cirios ergueríanse nun babeco aglaio. Todos os pícaros que viñan estendendo a palma da man baixo o pingotear da cera, virían en remuíño arredor meu. Apiñocaríanse as mulleres a carón do cadaleito. Escorregaría por todos os beizos un marmular sobrecolleito, insólito:

- ¡O Bieito vai vivo, o Bieito vai vivo!...

Calaría o lamento da nai e das irmás, e axiña tamén, descompasándose, a gravidosa marcha que planxía nos bronces da charanga. E eu sería o gran revelador, o salvador, eixo de todos os asombros e de todas as gratitudes. E o sol na miña face cobraría unha importancia imprevista.

¡Ah! ¿E se entón, ao ser aberto o cadaleito, a miña sospeita resultaba falsa? Todo aquel magno asombro viraríase inconmensurable e macabro ridículo. Toda a arelante gratitude da nai e das irmás, tornaríase despeito. O martelo espetando de novo a caixa tería un son sinistro e único na tarde estantía. ¿Comprendedes? Por iso non dixen nada.

Houbo un intre en que pola face dun dos compañeiros de fúnebre carga pasou a insinuación liviá dun sobresalto, coma se el estivese a sentir tamén o velaíño buligar. Mais non foi máis que un lampo. De seguida ficou sereno. E non dixen nada.

Houbo un intre en que case me decidín. Dirixinme ao da miña banda e, acobexando a pregunta nun sorriso de retrouso, deslicei:

- ¿E se o Bieito fose vivo?

O outro riu picaramente coma quen di: "Que ocorrencias temos", e eu amplifiquei adrede o meu falso sorriso de retrouso.

Tamén me vin a rentes de dicilo no camposanto, cando xa pousaramos a caixa e o crego requeneaba.

"Cando o crego remate", pensei. Mais o crego acabou e a caixa descendeu á cova sen que eu puidese dicir nada.

Cando o primeiro cadullo de terra, bicado por un neno, petou dentro da cova nas táboas do ataúde, rubíronme ata a gorxa as verbas salvadoras... Estiveron a punto de xurdiren. Mais entón acudiu novamente ao meu maxín a case seguranza do arrepiante ridículo, da rabia da familia defraudada, se o Bieito se topaba morto e ben morto. Ademais o dicilo tan tarde acrecía o absurdo desorbitadamente. ¿Como xustificar non o ter dito antes? ¡Xa sei, xa sei, sempre se pode un explicar! ¡Si, si, si, todo o que queirades! Pois ben... ¿E se tivese morto despois, despois de o sentir eu remexerse, como quizais puidese adiviñarse por algún sinal? ¡Un crime, si, un crime o me ter calado! Oíde xa o rebumbio da xente...

- ¡Pediú auxilio e non llo deron, malpocado!...
- El sentía chorar, quíxose erguer, non puido...
- Morreu de espanto, saltoulle o corazón ao se sentir descender na cova...
- ¡Velaí o tendes, coa cara torta dos esforzo!
- ¡E ese que o sabía, tan campante, aí a sorrir coma un pallaso!
- ¿É parvo ou que?

Todo o día, meus amigos, andei tolo de remorsos. Vía ao pobre Bieito grafiñando as táboas nese espanto absoluto, máis alá de todo consolo e de toda conformidade, dos enterrados en vida. Chegoume a parecer que todos lían nos meus ollos adurmiñados e longuiños a obsesión do delito.

E alá pola alta noite -non o puiden evitar- funme de camiño do camposanto, coa solapa subida, ao arrimo dos muros.

Cheguei. O cerco por unha banda era baixiño: unhas pedras mal postas, apreixadas por edras e silveiras. Paseino e fun dereito ao sitio... Deiteime no chan, apliquei a orela, e axiña o que oín xioume o sangue. No seo da terra unhas unllas desesperadas rabuñaban nas táboas. ¿Rabuñaban? Non sei, non sei. Alí preto había un sacho... Ía xa cara a el cando fiquei suspenso. Polo camiño que pasa a rentes do camposanto sentíanse pasadas e rumor de fala. Viña xente. Entón si que sería absurda, tola, a miña presenza alí, daquelas horas e cun sacho na man.

- ¿Ía dicir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?

E fuxín coa solapa subida, pegándome aos muros. A lúa era chea e os cans latricaban lonxe.

7.- ROSALÍA DE CASTRO: CANTARES GALLEGOS/ CANDO A LUNIÑA APARECE // FOLLAS NOVAS/ NEGRA SOMBRA (RECOMENDADO: TODOS OS CURSOS DA ESO):

Iria Mariño Solla recita "Cando a luniña aparece", de Rosalía de Castro:

<https://www.youtube.com/watch?v=Zbs2DzaVKsA>

Canción Luz Casal e Carlos Núñez:

https://youtu.be/VsD9iM2gWhc?si=kdVbsSU-J_m_nx6O

Cando á luniña aparece

Y ó sol nos mares s' esconde,

Todo é silencio nos campos,
Todo na ribeira dorme.
Quedan as veigas sin xente,
Sin ovelliñas os montes,
A fonte sin rosas vivas, Os árboriños sin cantores.
Medroso ó vento que pasa
Os pinos xigantes move,
Y â voz que levanta triste,
Outra mais triste responde.
Son ás campanas que tocan
Que tocan en sons de morte,
Y ô corazón din n' olvides
Ós que para sempre dormen.

¡Que triste! que hora tan triste!
Aquela en qu' ó sol s' esconde,
En qu' as extrelliñas pálidas
Timidamente relosen.
Aló as montañas confusas
D' espesas niebras se croben
Y á casa branca en qu' el vive
En sombra espesa s' envolve
En vano miro e mais miro,
Qu' os velos da negra noite
Entr' ela y os meus olliños
Traidoramente se poñen.

—Que fás ti mentras, meu ben,
Dime dond' estás, en donde,
Que t' aspero e nunca chegas,
Que te chamo e non respondes?
Morreches, meu queridiño?
O mar sin fondo tragoute?
Levaront' as ondas feras
Ou te perdeches nos montes?
Vou preguntand' ôs airiños,
Vou preguntand' ôs pastores,
Ás verdes ondas pergunto
E ninguén, ay! me responde.
Os aires mudiños pasan,
Os pastoriños no m' oyen,
Y as xordas ondas fervendo
Contr' os penedos se rompen.
Mais ti non morreche, ingrato,

Nin te perdeches nos montes,
Ti quisais mentras qu' eu peno
D' os meus pesares te goces.
Coitada de min! coitada!
Qu' este meu peitiño nobre
Foy para ti deble xunco
Qu' ô menor vento se torce.
Y en recompensa ti olvidásme!
Dasme fel, e dasme á morte,
Qu' est' é ó pago, desdichada.
Qu' â que ben quer, dan os homes.
Mais qu' importa! ven te quixen...
Querreite sempre... asi compre
A quen con grande firmesa,
Vidiña y alma entregouche.
Ahi tés ó meu corazón
Si ó queres matar ven podes,
Pero como estás ti dentro,
Tamén si ti ó matas, morres.

FOLLAS NOVAS/ NEGRA SOMBRA

CANCIÓN LUZ CASAL: https://youtu.be/VsD9iM2gWhc?si=kdVbsSU-J_m_nx6O

Cando penso que te fuches,
Negra sombra que m'asombras,
Ó pe d'os meus cabezales
Tornas facéndome mofa.
Cando maxino qu'es ida
N'o mesmo sol te m'amostras,
Y eres a estrela que brila,
Y eres o vento que zóa.
Si cantan, ês tí que cantas,
Si choran, ês tí que choras,
Y-ês o marmurio d'o río
Y-ês a noite y ês a aurora.
En todo estás e ti ês todo,
Pra min y en min mesma moras,
Nin m'abandonarás nunca,
Sombra que sempre m'asombras.

CASTELÁN:

15.- EDGAR ALLAN POE: *EL CORAZÓN DELATOR* (RECOMENDADO: 3º E 4ºESO):

- El Corazón Delator - Edgar Allan Poe (18 min):

<https://www.youtube.com/watch?v=rX8yfpp2pOg>

- El corazón delator. Un cuento de Edgar Allan Poe. Audiolibro completo. Voz humana real (17 min):

<https://www.youtube.com/watch?v=Y2m7MSHbOSM>

¡Es cierto! Siempre he sido nervioso, muy nervioso, terriblemente nervioso. ¿Pero por qué afirman ustedes que estoy loco? La enfermedad había agudizado mis sentidos, en vez de destruirlos o embotarlos. Y mi oído era el más agudo de todos. Oía todo lo que puede oírse en la tierra y en el cielo. Muchas cosas oí en el infierno. ¿Cómo puedo estar loco, entonces? Escuchen... y observen con cuánta cordura, con cuánta tranquilidad les cuento mi historia.

Me es imposible decir cómo aquella idea me entró en la cabeza por primera vez; pero, una vez concebida, me acosó noche y día. Yo no perseguía ningún propósito. Ni tampoco estaba colérico. Quería mucho al viejo. Jamás me había hecho nada malo. Jamás me insultó. Su dinero no me interesaba. Me parece que fue su ojo. ¡Sí, eso fue! Tenía un ojo semejante al de un buitre... Un ojo celeste, y velado por una tela. Cada vez que lo clavaba en mí se me helaba la sangre. Y así, poco a poco, muy gradualmente, me fui decidiendo a matar al viejo y librarme de aquel ojo para siempre.

Presten atención ahora. Ustedes me toman por loco. Pero los locos no saben nada. En cambio... ¡Si hubieran podido verme! ¡Si hubieran podido ver con qué habilidad procedí! ¡Con qué cuidado... con qué previsión... con qué disimulo me puse a la obra! Jamás fui más amable con el viejo que la semana antes de matarlo. Todas las noches, hacia las doce, hacía yo girar el picaporte de su puerta y la abría... ¡oh, tan suavemente! Y entonces, cuando la abertura era lo bastante grande para pasar la cabeza, levantaba una linterna sorda, cerrada, completamente cerrada, de manera que no se viera ninguna luz, y tras ella pasaba la cabeza. ¡Oh, ustedes se hubieran reído al ver cuán astutamente pasaba la cabeza! La movía lentamente... muy, muy lentamente, a fin de no perturbar el sueño del viejo. Me llevaba una hora entera introducir completamente la cabeza por la abertura de la puerta, hasta verlo tendido en su cama. ¿Eh? ¿Es que un loco hubiera sido tan prudente como yo? Y entonces, cuando tenía la cabeza completamente dentro del cuarto, abría la linterna cautelosamente... ¡oh, tan cautelosamente! Sí, cautelosamente iba abriendo la linterna (pues crujían las bisagras), la iba abriendo lo suficiente para que un solo rayo de luz cayera sobre el ojo de buitre. Y esto lo hice durante siete largas noches... cada noche, a las doce... pero siempre encontré el ojo cerrado, y por eso me era imposible cumplir mi obra, porque no era el viejo quien me irritaba, sino el mal de ojo. Y por la mañana, apenas iniciado el día, entraba sin miedo en su habitación y le hablaba resueltamente, llamándolo por su nombre con voz cordial y preguntándole cómo había pasado la noche. Ya ven ustedes que tendría que haber sido un viejo muy astuto para sospechar que todas las noches, justamente a las doce, iba yo a mirarlo mientras dormía.

Al llegar la octava noche, procedí con mayor cautela que de costumbre al abrir la puerta. El minutero de un reloj se mueve con más rapidez de lo que se movía mi mano. Jamás, antes de aquella noche, había sentido el alcance de mis facultades, de mi sagacidad. Apenas lograba contener mi impresión de triunfo. ¡Pensar que estaba ahí,

abriendo poco a poco la puerta, y que él ni siquiera soñaba con mis secretas intenciones o pensamientos! Me reí entre dientes ante esta idea, y quizá me oyó, porque lo sentí moverse repentinamente en la cama, como si se sobresaltara. Ustedes pensarán que me eché hacia atrás... pero no. Su cuarto estaba tan negro como la pez, ya que el viejo cerraba completamente las persianas por miedo a los ladrones; yo sabía que le era imposible distinguir la abertura de la puerta, y seguí empujando suavemente, suavemente.

Había ya pasado la cabeza y me disponía a abrir la linterna, cuando mi pulgar resbaló en el cierre metálico y el viejo se enderezó en el lecho, gritando:

- ¿Quién está ahí?

Permanecí inmóvil, sin decir palabra. Durante una hora entera no moví un solo músculo, y en todo ese tiempo no oí que volviera a tenderse en la cama. Seguía sentado, escuchando... tal como yo lo había hecho, noche tras noche, mientras escuchaba en la pared los taladros cuyo sonido anuncia la muerte.

Oí de pronto un leve quejido, y supe que era el quejido que nace del terror. No expresaba dolor o pena... ¡oh, no! Era el ahogado sonido que brota del fondo del alma cuando el espanto la sobrecoge. Bien conocía yo ese sonido. Muchas noches, justamente a las doce, cuando el mundo entero dormía, surgió de mi pecho, ahondando con su espantoso eco los terrores que me enloquecían. Repito que lo conocía bien. Comprendí lo que estaba sintiendo el viejo y le tuve lástima, aunque me reía en el fondo de mi corazón. Comprendí que había estado despierto desde el primer leve ruido, cuando se movió en la cama. Había tratado de decirse que aquel ruido no era nada, pero sin conseguirlo. Pensaba: "No es más que el viento en la chimenea... o un grillo que chirrió una sola vez". Sí, había tratado de darse ánimo con esas suposiciones, pero todo era en vano. Todo era en vano, porque la Muerte se había aproximado a él, deslizándose furtiva, y envolvía a su víctima. Y la fúnebre influencia de aquella sombra imperceptible era la que lo movía a sentir -aunque no podía verla ni oírla-, a sentir la presencia de mi cabeza dentro de la habitación.

Después de haber esperado largo tiempo, con toda paciencia, sin oír que volviera a acostarse, resolví abrir una pequeña, una pequeñísima ranura en la linterna.

Así lo hice -no pueden imaginarse ustedes con qué cuidado, con qué inmenso cuidado-, hasta que un fino rayo de luz, semejante al hilo de la araña, brotó de la ranura y cayó de lleno sobre el ojo de buitre.

Estaba abierto, abierto de par en par... y yo empecé a enfurecerme mientras lo miraba. Lo vi con toda claridad, de un azul apagado y con aquella horrible tela que me helaba hasta el tuétano. Pero no podía ver nada de la cara o del cuerpo del viejo, pues, como movido por un instinto, había orientado el haz de luz exactamente hacia el punto maldito.

¿No les he dicho ya que lo que toman erradamente por locura es sólo una excesiva agudeza de los sentidos? En aquel momento llegó a mis oídos un resonar apagado y presuroso, como el que podría hacer un reloj envuelto en algodón. Aquel sonido también me era familiar. Era el latir del corazón del viejo. Aumentó aún más mi furia, tal como el redoblar de un tambor estimula el coraje de un soldado.

Pero, incluso entonces, me contuve y seguí callado. Apenas si respiraba. Sostenía la linterna de modo que no se moviera, tratando de mantener con toda la firmeza posible el haz de luz sobre el ojo. Entretanto, el infernal latir del corazón iba en aumento. Se hacía cada vez más rápido, cada vez más fuerte, momento a momento. El espanto del viejo tenía que ser terrible. ¡Cada vez más fuerte, más fuerte! ¿Me siguen ustedes con atención? Les he dicho que soy nervioso. Sí, lo soy. Y ahora, a medianoche, en el terrible silencio de aquella antigua casa, un resonar tan extraño como aquél me llenó de un horror

incontrolable. Sin embargo, me contuve todavía algunos minutos y permanecí inmóvil. ¡Pero el latido crecía cada vez más fuerte, más fuerte! Me pareció que aquel corazón iba a estallar. Y una nueva ansiedad se apoderó de mí... ¡Algún vecino podía escuchar aquel sonido! ¡La hora del viejo había sonado! Lanzando un alarido, abrí del todo la linterna y me precipité en la habitación. El viejo clamó una vez... nada más que una vez. Me bastó un segundo para arrojarlo al suelo y echarle encima el pesado colchón. Sonreí alegremente al ver lo fácil que me había resultado todo. Pero, durante varios minutos, el corazón siguió latiendo con un sonido ahogado. Claro que no me preocupaba, pues nadie podría escucharlo a través de las paredes. Cesó, por fin, de latir. El viejo había muerto. Levanté el colchón y examiné el cadáver. Sí, estaba muerto, completamente muerto. Apoyé la mano sobre el corazón y la mantuve así largo tiempo. No se sentía el menor latido. El viejo estaba bien muerto. Su ojo no volvería a molestarme.

Si ustedes continúan tomándome por loco dejarán de hacerlo cuando les describa las astutas precauciones que adopté para esconder el cadáver. La noche avanzaba, mientras yo cumplía mi trabajo con rapidez, pero en silencio. Ante todo descuarticé el cadáver. Le corté la cabeza, brazos y piernas.

Levanté luego tres planchas del piso de la habitación y escondí los restos en el hueco. Volví a colocar los tablones con tanta habilidad que ningún ojo humano -ni siquiera el suyo- hubiera podido advertir la menor diferencia. No había nada que lavar... ninguna mancha... ningún rastro de sangre. Yo era demasiado precavido para eso. Una cuba había recogido todo... ¡ja, ja!

Cuando hube terminado mi tarea eran las cuatro de la madrugada, pero seguía tan oscuro como a medianoche. En momentos en que se oían las campanadas de la hora, golpearon a la puerta de la calle. Acudí a abrir con toda tranquilidad, pues ¿qué podía temer ahora?

Hallé a tres caballeros, que se presentaron muy civilmente como oficiales de policía. Durante la noche, un vecino había escuchado un alarido, por lo cual se sospechaba la posibilidad de algún atentado. Al recibir este informe en el puesto de policía, habían comisionado a los tres agentes para que registraran el lugar.

Sonreí, pues... ¿qué tenía que temer? Di la bienvenida a los oficiales y les expliqué que yo había lanzado aquel grito durante una pesadilla. Les hice saber que el viejo se había ausentado a la campaña. Llevé a los visitantes a recorrer la casa y los invité a que revisaran, a que revisaran bien. Finalmente, acabé conduciéndolos a la habitación del muerto. Les mostré sus caudales intactos y cómo cada cosa se hallaba en su lugar. En el entusiasmo de mis confianzas traje sillas a la habitación y pedí a los tres caballeros que descansaran allí de su fatiga, mientras yo mismo, con la audacia de mi perfecto triunfo, colocaba mi silla en el exacto punto bajo el cual reposaba el cadáver de mi víctima.

